



Instrución para as autoras e os autores da Universidade da Coruña (UDC) sobre a filiación institucional de publicacións científicas

Introdución

Esta instrución ten como obxectivo garantir o uso correcto e consistente da filiación institucional da Universidade da Coruña nos resultados da investigación. Isto facilitará o seguimento da produción científica da UDC e a visibilidade das autoras e dos autores nas bases de datos de publicacións, repositorios, buscadores na rede, etc. A correcta identificación das publicacións da UDC, ademais de asegurar prestixio académico para a Universidade, garante tanto a recuperación das publicacións e das citas por elas recibidas como a adecuada obtención de indicadores, aspecto este de grande importancia no financiamento da Universidade.

En consecuencia, o motivo desta instrución é duplo: que en todas as publicacións realizadas por autoras e autores da UDC apareza sempre citada a Universidade, e que esa cita sexa homoxénea para evitar a dispersión da produción científica.

A instrución aplícase a todo o persoal académico e investigador, fixo ou temporal, e ao estudantado cuxos resultados de investigación deriven do seu traballo na Universidade, ben por bolsas de investigación ou por calquera outra forma de utilización das instalacións, recursos e servizos da Universidade. Aplícase tamén ao profesorado honorario, e a todo o persoal da UDC vinculado a varias institucións (sector hospitalario ou outra institución/centro de I+D+i) ou con outros acordos de asociación. A UDC debe ser citada cando a institución teña feito unha contribución necesaria, independentemente do emprego formal da persoa autora ou do financiamento do seu posto.

Todos as persoas autoras da UDC teñen a responsabilidade individual de asegurar que nas súas publicacións empregan o acordado nesta instrución (*)

Instrución

1. Todos as persoas autoras da UDC deben citar a **Universidade da Coruña** como a súa base de investigación institucional cando teñan que introducir os datos da súa filiación en artigos de investigación, relatorios e outras publicacións.
2. **Universidade da Coruña**, a denominación, débese escribir desta forma completa, en galego, sen siglas nin abreviaturas. No suposto de que fose necesario referenciar *adicionalmente* a institución en inglés, a forma utilizada será “University of A Coruna”.
3. **Universidade da Coruña** deberá rexistrarse como o primeiro elemento ao introducir a filiación. Que apareza en primeiro lugar asegura que tanto a UDC como o Grupo de Investigación, Departamento, Instituto, Facultade ou Escola reciben recoñecemento.

(*) A Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (art. 15 j) determina entre os deberes do persoal investigador o de utilizar a denominación das entidades para as que presta servizos na realización da súa actividade científica, de acordo coa normativa interna das ditas entidades e os acordos, pactos e convenios que estas subscriban.

UDC: Aumentar a visibilidade forma parte das liñas do Plan estratéxico 2013-2020, aprobado polo Claustro o 4-12-2013.



Cando excepcionalmente isto non sexa posible, **Universidade da Coruña** debe figurar de forma visible cara ao principio da filiación e, en calquera caso, non máis lonxe do terceiro elemento dentro da cita. Doutro xeito existe un risco real de que a institución non sexa acreditada nas análises externas de lectura mecánica de datos bibliométricos.

4. O Grupo de Investigación, Departamento, Instituto ou Facultade/Escola poden aparecer como elementos secundarios da filiación se hai espazo suficiente, mais nunca a expensas de omitir **Universidade da Coruña**. Estas filiacións secundarias pódense escribir en galego, castelán ou inglés, segundo conveña, e usar acrónimo de existir. Na web da UDC figuran os nomes nos tres idiomas

https://www.udc.es/centros_departamentos_servizos/areas/
https://www.udc.es/centros_departamentos_servizos/departamentos/
https://www.udc.es/centros_departamentos_servizos/centros/

5. Filiación institucional múltiple dun mesmo autor/a.

No caso de autores/as con pertenza a máis dunha institución, ou que dentro da UDC pertencen a varias unidades que teñan dependencias diferentes, é recomendable realizar varias sinaturas e rexistrar por separado cada unha delas, para garantir que a Universidade da Coruña está incluída. Esta práctica tamén mellora a visibilidade e os índices de valoración do persoal investigador.

5.1 Persoal asociado a dúas ou máis institucións:

- No caso de persoal investigador de **centros mixtos dependentes de varias institucións**, cumprírase o recollido ao respecto nos convenios ou acordos, pero sempre debe aparecer a Universidade da Coruña en primeiro ou segundo lugar (sen usar siglas nin abreviaturas).
- O persoal investigador **vinculado a varias institucións** (sector hospitalario ou outra institución de I+D+i) que ademais sexa persoal académico da UDC, debe incluír a filiación á Universidade da Coruña en primeiro lugar (sen siglas nin abreviaturas) xunto coa filiación da outra institución.

5.2 Persoal visitante que realice estadias noutras universidades ou centros de investigación.

Recoméndase indicar a dobre filiación, tanto a institución de orixe como a de destino. En todo caso:

- O persoal investigador da UDC que realice estadias temporais deberá manter a súa filiación coa Universidade da Coruña.
- O persoal doutras institucións que realice estadias na UDC filiará á Universidade da Coruña as publicacións que total ou parcialmente estean relacionadas coa dita estadia.

6. **Enderezo, código postal, cidade e país.** Son datos relevantes e hai que poñer, polo menos, o código postal, a cidade e o país. Recoméndase como máis sinxelo poñer o nome do Centro e a zona do Campus (Elviña, Zapateira, Oza, Bastiagueiro, Riazor, Esteiro, Serantes). Todos os centros da UDC poden utilizar o código postal de correspondencia para organismo oficial: 15071 para o campus da Coruña e 15471 para o campus de Ferrol. O nome do país pode ir en español ou en inglés (España/Spain), dependendo do contexto nacional ou internacional.



Sinatura dunha publicación ou contribución científica	
Datos do/a autor/a:	Nome do/a autor/a* (obrigatorio) ORCID ** (recomendado)
Filiación institucional:	Nome da institución: Universidade da Coruña (obrigatorio) Nome do grupo de investigación, departamento, instituto ou centro (opcional) Enderezo, código postal, cidade e país (obrigatorio)

O enderezo de correo electrónico debe ser o institucional proporcionado pola UDC coa forma usuario@udc.es / usuario@udc.gal

Algúns exemplos e informacións complementarias inclúense nun apéndice á presente instrución.

A Coruña, 17 xuño de 2016

O Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Salvador Naya Fernández

* **Nome do/a autor/a:** é importante que se utilice sempre a mesma forma e grafía, evitando abreviaturas. A causa das prácticas de indexación anglosaxoas, recoméndase incluír **un guión** entre aqueles elementos que as bases de datos non deberían separar cando o/a autor/a desexe que apareza (nomes de pía compostos, dous apelidos, apelidos compostos).

** **ORCID (Open Research & Contributor ID)** servizo gratuito que proporciona un identificador dixital único para os/as autores/as do ámbito científico e académico. Ter un número ORCID é a vía óptima para identificarse univocamente como autor/a, e atribuírlle correctamente todas as súas publicacións. Ademais, permite enlazar con outros perfís persoais como o [ResearcherID de Web of Science \(agora en Publons\)](#), [Scopus ID](#), [Google Scholar Citations](#)



Apéndice

(Instrución para as autoras e os autores da Universidade da Coruña (UDC) sobre a filiación institucional das publicacións científicas)

A) Propósito

Recentes análises bibliométricas realizadas polo Servizo de Biblioteca mostran que durante o período de 1990-2015, en publicacións a que lles correspondería estar filiadas á Universidade da Coruña aparecen máis de 400 variantes de nomes sen estar citada a institución. Doutra parte, nas publicacións que aparecían filiadas á Universidade deróñse máis de 70 variantes do nome da UDC. Isto prexudica tanto os/as autores/as como a Universidade, restándolles visibilidade e financiamento. Aínda que a situación se vai corrixindo, a colaboración de todas as persoas, autores e autoras, é imprescindible para evitar a perda e dispersión da actividade investigadora nas bases de datos que recollen e referencian a produción científica das institucións.

B) Exemplos. Os seguintes exemplos creáronse para orientar na aplicación da instrución:

Modelo xeral:

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Universidade da Coruña, Grupo de Investigación /Departamento/Instituto/Facultade/Escola (segundo sexa aplicable), Nome do Centro e zona do campus (Elviña/ Zapateira/ Oza/ Bastiagueiro/ Riazor/ Esteiro, Serantes), 15071 A Coruña / 15471 Ferrol (segundo proceda), España/Spain (segundo proceda).

Exemplos:

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Universidade da Coruña, Grupo de Xenética de Organismos Mariños, Departamento de Bioloxía Celular e Molecular, Facultade de Ciencias, Zapateira, 15071 A Coruña, Spain

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Universidade da Coruña, Facultad de Derecho, Elviña, 15071 A Coruña, España

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Universidade da Coruña, Models and Applications of Distributed Systems (MADS), Faculty of Computer Science, Elviña, 15071 A Coruña, Spain

Exemplo de Instituto:

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

Universidade da Coruña, Grupo de Neurociencia e Control Motor (NEUROcom), Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), Oza, 15071 A Coruña, Spain

(Pódense realizar outras filiacións institucionais separadas, como nos exemplos seguintes)

Exemplo de autor/a con varias sinaturas: (1, 2, 3)

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

(1) Universidade da Coruña, Grupo de Polímeros, Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), Esteiro, 15471 Ferrol, Spain

(2) Universidade da Coruña, Departamento de Física, Facultade de Ciencias, Zapateira, 15071 A Coruña, Spain

(3) Imperial College London, Polymer and Composite Engineering (PaCE) group, South Kensington, London SW7 2AZ, UK

**Exemplo de autor/a vinculado a varias institucións: (1,2)**

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

(1) Universidade da Coruña, Grupo Fisiopatoloxía Endócrina, Nutricional e Médica, Departamento de Medicina, Facultade de Ciencias da Saúde, Oza, 15071 A Coruña, Spain

(2) Complejo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC), Servizo de Endocrinoloxía, Xubias de Arriba 84, 15006 A Coruña, Spain

Exemplo de persoal da UDC visitante (1,2)

Nome do investigador ou investigadora [<https://orcid.org/0000-0000-0000-0000>]

(1) Universidade da Coruña, Department of Industrial Engineering, Higher Polytechnic University College, Esteiro, 15471 Ferrol, Spain

(2) University of Tsinghua, School of Materials Science and Engineering, Beijing 100084, China

Información complementaria

Recoñecemento do financiamento nas publicacións. Asegúrese de que as súas publicacións cumpren cos requisitos dos financiadores das axudas. Aínda que é fácil pasalo por alto xa que os editores a miúdo non o solicitan, é importante lembrar que a maioría das entidades financiadoras das investigacións requiren que as persoas autoras recoñezan o seu patrocinio nos resultados da investigación.

Xunto cos datos da publicación, hai que enviar o recoñecemento da subvención para que esta información apareza na sección de agradecementos do material publicado.

É preciso ter en conta tamén as políticas dos financiadores relacionadas co acceso aberto e cos datos xerados durante o proceso de investigación (*)

* **Acceso aberto ás publicacións.** O persoal investigador que participe en proxectos de investigación financiados pola Unión Europea a través do programa Horizonte 2020 ou o seu sucesor Horizonte Europa, ou polo Goberno de España, está obrigado a depositar en acceso aberto as publicacións resultantes. **Consiga o seu espazo dixital:** Os/as autores/as poden depositar no [RUC \(Repositorio Institucional da UDC\)](#) as publicacións en Acceso Aberto, e logo poden enlazar desde aquí con servizos externos como [ResearchGate](#) ou [Academia.edu](#). Estas redes profesionais para persoal científico e investigador son ferramentas de grande utilidade para axudar a promover a súa investigación.

***Datos da Investigación.** É un requisito de certos provedores de fondos de investigación, e nestes casos debe incluír na súa publicación unha declaración que indique a localización e accesibilidade dos datos subxacentes á investigación.